



POLA RECUPERACIÓN DA RÍA E A CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A pesar das promesas dos sucesivos gobernos da Xunta de Galicia, o complexo industrial ENCE-ELNOSA continúa en Lourizán destruindo os recursos naturais, o medio ambiente, a saúde e a economía da comarca de Pontevedra. Segue a ser o problema ambiental máis importante da comarca e segue a impedir o seu desenvolvemento racional. Non se pode esquecer que:

- O desenvolvemento económico dos concellos da Ría ten que vir da man da explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos, un modelo sustentábel de desenvolvemento quen de crear máis postos de traballo que os derivados do complexo.
- O complexo industrial de Lourizán é incompatible con este modelo de desenvolvemento.
- O complexo ENCE-ELNOSA representa só o 0.5% do traballo na comarca e destrúe máis postos de traballo dos que crea.

Pero, ademais, o complexo ENCE-ELNOSA sigue incumprindo a lexislación e impide a mellora da calidade de vida das persoas da comarca, un dereito ao que non podemos renunciar.

Na ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA non somos alleos á situación de crise económica pola que estamos a atravesar nin á perda de postos de traballo na comarca. Pero negámonos a admitir a chantaxe das direccións empresarial e sindical de CELULOSAS e ELNOSA, que aproveitan esta situación para reivindicar a permanencia do complexo no seu emprazamento actual; non podemos esquecer que ENCE-ELNOSA, lonxe de ser a solución, é o problema.

Unha ampla maioría na comarca somos contrarios á presenza do complexo na Ría, e todas as forzas políticas –que din optar pola busca dun emprazamento alternativo- deixan nas mans da empresa calquera solución e limitáanse a facer declaracións. E xa abonda de declaracións pomposas!

Na ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA esiximos o fin inmediato e definitivo da actividade industrial de ENCE-ELNOSA. Esiximos ao goberno da Xunta que tome decisións e empece por non renovar no 2011 as Autorizacións Ambientais Integradas a ENCE e ELNOSA, e chamamos á mobilización social que obrigue ás distintas administracións públicas a afrontaren decididamente o problema, a comprometerse na defensa do modelo económico que vimos de subliñar, e a facer realidade o desexo desa ampla maioría social que aspiramos a ver a Ría sen ENCE-ELNOSA.

PORQUE A RECUPERACIÓN DA RÍA, DA SAÚDE E DOS POSTOS DE TRABALLO NON PODE AGARDAR MÁIS: CELULOSAS-ELNOSA FÓRA DA RÍA XA !!!

SÁBADO 5 DE XUÑO

MARCHA CONTRA CELULOSAS

**SAÍDA ÁS 19:30 DAS ALAMEDAS DE MARÍN E PONTEVEDRA
AO REMATE: POLBADA NA PRAZA DA PEDREIRA**